



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

ACTA DA SESIÓN NÚM. 6/2023 DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ELM DE BEMBRIVE 2023-2027, DO DÍA 14 DE XULLO DE 2023

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo as 11 horas e 31 minutos do venres día 14 de xullo de 2023, previa convocatoria de sesión constitutiva realizada pola Alcaldía Pedanía en funcións mediante Resolución do día 11 do mesmo mes, consonte as eleccións locais celebradas o 28 de maio de 2023, nos termos previsto no artigo 140 da Constitución Española e da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (do Réxime Electoral Xeral), e disposicións complementarias, co obxecto de dar comezo ao novo mandato previas as actuacións a levar a cabo no seu seo, asisten os seguintes corporativos electos:

D ^a . Patricia Otero Carrera	Alcaldesa Pedánea electa	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	Vocal nomeado	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	Vocal nomeada	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	Vocal nomeado	PSdeG – PSOE
D. Eduardo Vila Pereira	Vocal nomeado	PP

Asiste á sesión en calidade de secretaria da Corporación D^a. Patricia Alvarellos Leis.

A continuación, procédese ao obxecto da sesión o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Mesa de Idade.
2. Comprobación pola Mesa de Idade das credenciais presentadas e acreditacións das personalidades dos electos con base á acta que remitiu a Xunta electoral de zona á esta Entidade Local, así como cotexo da documentación requirida para o rexistro de intereses.
3. Declaración pola Mesa de Idade da constitución da Entidade se concorre a maioría dos vocais electos.
4. Xuramento ou promesa da Alcaldesa-Pedánea.
5. Xuramento ou promesa dos vocais.
6. Intervencións.

Ábrese a sesión pola Sra. Secretaria Interventora á hora arriba indicada, informando do seguinte:

O obxecto da sesión de hoxe é a constitución da Xunta Veciñal da ELM de Bembrive, xurdida tras as eleccións celebradas o pasado 28 de maio.

Compróbase que o número de membros electos asistentes á sesión é de 5, que coincide co número legal de membros da Xunta Veciñal, existindo polo tanto “quórum” suficiente para celebrar a presente sesión.



Entidade Local Menor de Bembrive

En primeiro lugar, de conformidade co disposto no artigo 195 da LOREX e o art. 37.2 do ROF procédese á constitución da Mesa de Idade, que dirixirá a sesión, integrada polos vocais de maior e menor idade designado dos asistentes á sesión, que neste caso corresponden a:

- Manuel Costas Costas
- Antía González Fernández

Actuará como secretaria da mesa a secretaria desta Entidade Local

Ostentará a Presidencia da mesa D. Manuel Costas Costas, por ser o vocal de maior idade.

D. Manuel Costas Costas cédelle a palabra á súa compañeira D^a. Antía González Fernández.

Toma a palabra D^a. Antía González Fernández indicando que obra en poder da mesa de idade o expediente integrado pola credencial do alcalde pedáneo, a acta dos vocais nomeados como membros da Xunta Veciñal que remite a Xunta Electoral de Zona de Vigo, así como a documentación requerida, como a acta de arqueo, o inventario, e o rexistro de intereses. Todos os vocais acreditaron a súa persoalidade ante a Secretaría da Entidade Local Menor de Bembrive no momento da entrega das súas declaracións de intereses para incorporalas ao rexistro público correspondente. De Seguido, o alcalde pedáneo electo, Marcos Castro González, en cumprimento do previsto do artigo 108 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, xurará ou prometerá cumprir fielmente as obrigacións do cargo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, ocupando con posterioridade a Presidencia da sesión.

De conformidade ao requerimento da mesa de idade, para que Dona Patricia Otero Carrera xure ou prometa o cargo de Alcaldesa Pedánea da Entidade Local Menor de Bembrive, de acordo coa fórmula legalmente establecida ante o exemplar da Constitución, a interesada procede a prestar promesa e inmediatamente toma posesión do mesmo, polo que pasa a ocupar a presidencia da sesión.

De seguido, procédese a realizar o xuramento ou promesa dos vogais, que o prestan do seguinte xeito:

- D. Manuel Costas Costas, que promete.
- D. José González Domínguez, que promete,
- D^a. Antía González Fernández, que promete,
- D. Eduardo Vila Pereira, que promete,

A candidata electa para o cargo de Alcaldesa Pedánea, logo de prometer os seus cargos os señores e as señoras vocais, declara formalmente constituída a nova Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive de acordo co resultado das eleccións locais celebradas o 28 de maio de 2023.



Entidade Local Menor de Bembridge

A continuación, a Sra. Alcaldesa Pedánea toma a palabra para agradecer ás autoridades, veciños, amigos, familia e a todo o público presente na toma de posesión nesta Xunta Veciñal. Dí que é unha honra para ela ser a primeira alcaldesa-pedánea de Bembridge elixida democráticamente nas urnas. Dirixe unhas verbas de agradecemento a toda a veciñanza que o pasado 28 de maio confiaron nesta candidatura e lle deron a oportunidade de traballar pola parroquia, di que se esforzarán ao máximo para dar o mellor por Bembridge.

Indica que o máis importante para ela é o traballo en equipo, polo que quere agradecer tamén aos seus compañeiros da corporación o seu apoio incondicional, o empeño e a adicación por Bembridge. As portas desta Entidade están abertas para atender as demandas veciñais, para axudar aos colectivos da parroquia e para traballar polo ben común. Tenderán a man e escoitarán a toda a veciñanza e vocais, sempre e cando exista unha actitude positiva e construtiva, deixando de lado as malas prácticas duns de doutros nos últimos tempos.

Para rematar quere facer énfase no lema desta Entidade “A unión fai a forza”, e por Bembridge traballarán. Grazas a todos.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Alcaldesa-Pedánea levanta a sesión sendo ás 11:38 horas do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

A Presidencia concede a palabra á Sra. Elena Espinosa, Primeira Tenente de Alcaldía do Concello de Vigo, que se dirixe en primeiro lugar á Alcaldesa Pedánea, a que vai ser desde hai uns minutos a nova alcaldesa pedánea desta maravillosa Entidade. Dí que a coñece desde hai uns tres anos e algo, e que é unha gran muller, unha persoa empática, que cree na cidadanía, que ama esta terra. Con estas cualidades é imposible que non deixe a súa vida por traballar por toda a veciñanza. Quere felicitar tamén a todos os compañeiros que a van acompañar nestes catro anos, e que está convencida que van ser moitísimos máis, e quere transmitir o cariño, o recoñecemento do traballo do Sr. Caballero, alcalde de Vigo, que hoxe non pode estar aquí, porque hoxe comeza unha cumbre de ministros de Pesca da Unión Europea e quixo liberar a súa axenda para estar aquí pero foi practicamente imposible. Indica que conta co seu apoio e o do Concello de Vigo, porque todos perseguen o mellor para a veciñanza, todos queren unha mellor calidade de vida para esta, e que sexan máis felices, porque así os responsables políticos tamén o serán. Dalle a noraboa a corporación e manifesta que poden contar co goberno de Vigo para todo o que precisen.

A Alcaldesa Pedánea volve agradecer ás persoas asistentes ao acto a súa presenza.

Remata o acto ás 11:40 horas do mesmo día 14 de xullo de 2023.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea,

Asdo.: Patricia Otero Carrera

A Secretaria Interventora,

Asdo.: Patricia Alvarellos Leis